



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DIA 23 DE NOVEMBRO DE 2015.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vintetres de novembro de dous mil quince; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro, Dona Maria López Touza e Don Javier Iglesias Sendín.-

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado dezaseis de novembro de dous mil quince (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

Non houbo.-

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Xefatura Territorial de Ourense, Servicio de Movilidad, relativo a modificación de contrato de xestión de servizo úblico de transporte regular de uso xeral de viaxeiros por estrada, V-2523;XG-250, de Carballiño a Ribadavia por Cabanelas con Anexos, da empresa Autocares Rodríguez Carballiño S.L.

- Do Servicio provincial do AXI en Ourense, informe sobre actuacións en diversas estradas do municipio.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACION DE CONTA XUSTIFICATIVA DE GASTOS DE MANTEMENTO DO G.E.S.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación a conta xustificativa da subvención concedida a esta entidade ao abeiro do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e as Deputacións Provinciais en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para a creación e



implantación dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais, exercicio 2015, co teor que consta no expediente.”

APROBACIÓN DE PREGO DE PRESCRIPCIÓNES TÉCNICAS PARA CONTRATO MENOR.-

Por parte do Concelleiro de Cultura dase conta da proposta relativa a aprobación de contrato menor de suministro de materiais de limpeza para as distintas instalacións deportivas dependentes do Servizo Municipal de Deportes por importe de 3.500 € ive incluído.

No expediente constan os seguinte elementos:

1. Prego de cláusulas administrativas de data 17.11.2015.
2. Informe de Intervención de data 23.11.2015.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda os seguintes acordos:

- 1º-Aprobar o prego de cláusulas económico administrativas.
- 2º.- Invitar alomenos a tres empresas co obxecto de que presenten propostas económica para a execución de dita obra, relacionando o Sr. Alcalde as seguintes empresas a invitar de acordo co informe do Director do Servizo: Kifort S.L., Comercial Ferma S.L., Darlim S.L. e Orenxanex S.L..

DEVOLUCION DE IMPOSTO

Visto o escrito de **Don Antonio Domínguez Francisco**, con domicilio en San Cristovo, no que solicita a devolución da cantidade de 42,00 euros, aboada en concepto de I.C.I.O para obra no referido inmovible.

Visto o informe da Policía Local data 23.11.2015 que acredita de que o interesado non realizou as obras, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder o solicitado.

Así mesmo acordase dar conta do presente acordo o servizo de Intervención e Tesourería do Concello.

SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aproba-lo proxecto, ó obxecto de solicita-la correspondente subvención o abeiro da Orde do 16 de novembro de 2015, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se convocan no ámbito da colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2015.”

ACUERDO DE TRANSACCION EXTRAJUDICIAL.-

Ante a Demanda Xudicial de ACEVIN formulada contra o Concello de Ribadavia, tramitada como Xuízo Verbal 155/2015 polo Xulgado de 1ª Instancia e Instrucción Nº 1 de Ribadavia, na que se reclama a cantidade de 5.000 euros de principal (en concepto de cotas dos anos 2.009, 2.010, 2.011, 2.012 y 2.013) máis intereses e costas, a Xunta de Goberno



Local, por unanimidade, co fin de poñer fin ao proceso presta aprobación o acordo extraxudicial que pon fin a dito proceso civil, co seguinte contido:

"A demandante ACEVIN acepta como solución extraxudicial que o Concello de Ribadavia obrigase formalmente, mediante acordo do órgano competente, a pagarlle por todos os conceptos reclamados (principal, intereses e costas) , a cantidade total de 4.500 euros, que se pagarán fraccionados e aprazados en 12 cotas mensuais por importe de 375 euros cada unha, a pagar mensualmente a partir do mes seguinte a que este acordo extraxudicial sexa aprobado xudicialmente. Con este pago a demandante ACEVIN considerase plenamente satisfeita por todos os conceptos reclamados na súa demanda (principal, intereses e costas) recoñecendo extinguida toda a debida do Concello de Ribadavia con ACEVIN, e renunciando en consecuencia a calquera reclamación contra o Concello por concepto algun."

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.